

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Indica cal é a resposta correcta. Na Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece no artigo 1.2 os titulares con dereito á protección da saúde e á asistencia sanitaria:

- A) Só os españois con residencia en territorio nacional.
- B) Só os españois con ou sen residencia en territorio nacional.
- C) Os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia en territorio nacional.
- D) Calquera cidadán con ou sen residencia en territorio nacional.

2. Como se denomina, segundo o artigo 5 da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o documento no que unha persoa maior de idade, con capacidade suficiente e libremente, expón as instrucións que se deben ter en conta cando se atope nunha situación na que as circunstancias que concorren non lle permiten expresar persoalmente a súa vontade:

- A) Últimas vontades.
- B) Testamento vital.
- C) Vontades anticipadas.
- D) Testamento vital de últimas vontades.

3. A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, establece que o persoal estatutario, cando sexa autorizado pola administración competente, por períodos superiores a 6 meses, para prestar servizos ou colaborar con organizacións non gobernamentais que desenvolvan programas de cooperación, ou para cumprir misións en programas de cooperación nacional ou internacionais, estará en situación de:

- A) Servizo activo.
- B) Servizos especiais.
- C) Excedencia por servizos no sector público.
- D) Excedencia voluntaria.

4. O artigo 96 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, establece que o/a presidente/a do Servizo Galego de Saúde será:

- A) O Director-Xerente do Servizo Galego de Saúde.
- B) A persoa titular da Consellería de Sanidade.
- C) O presidente do Parlamento.
- D) O presidente da Xunta de Galicia.

5. Indica a resposta correcta. Na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, o artigo 15 establece que a dirección e coordinación da acción da Xunta correspóndelle:

- A) Ao Parlamento.
- B) Ao Presidente da Xunta.
- C) Aos grupos parlamentarios.
- D) Aos Conselleiros.

6. A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, establece que o concepto destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade é:

- A) Complemento de produtividade factor fixo.
- B) Complemento de produtividade variable.
- C) Complemento de destino.
- D) Complemento específico.

7. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos paciente, no artigo 20 establece a conservación do contido da historia clínica. Indica cal dos seguintes enunciados é correcto:

- A) Conservarase o contido dos consentimentos informados no soporte orixinal.
- B) Só é necesaria a conservación indefinida dos informes de alta cando sexa procedente por razóns xudiciais.
- C) Pode destruírse a historia clínica completa aos 10 anos do falecemento do paciente.
- D) É necesario conservar indefinidamente os informes de exploracións complementarias.

8. Indica cal é a resposta correcta. Na Constitución española de 1978, o artigo 21.2 establece que no caso de reunións en lugares de tránsito público e manifestacións darase comunicación previa á autoridade:

- A) Non poderán prohibirse baixo ningunha circunstancia.
- B) Só poderán prohibirse cando existan razóns fundadas de alteración da orde pública, aínda que non impliquen perigo para os cidadáns.
- C) Só poderán prohibirse cando existan razóns fundadas de alteración da orde pública, con perigo para persoas ou bens.
- D) Só poderán prohibirse cando existan razóns fundadas de alteración da orde pública.

9. Indique cal das seguintes afirmacións é correcta: O artigo 46 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece os requisitos dos aspirantes para a provisión de postos de coordinador de técnicos no referente á acreditación da experiencia:

- A) Deberán acreditar un mínimo dun ano de experiencia, na mesma categoría ou especialidade exigible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Público de Saúde.
- B) Deberán acreditar un mínimo de dous anos de experiencia, na mesma categoría ou especialidade exigible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Público de Saúde.
- C) Deberán acreditar un mínimo de tres anos de experiencia, na mesma categoría ou especialidade exigible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Público de Saúde.
- D) Deberán acreditar un mínimo de cinco anos de experiencia, na mesma categoría ou especialidade exigible para o acceso ao posto, nas institucións sanitarias do Sistema Público de Saúde.

10. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, no artigo 51 establece que as infraccións en materia de prevención de riscos laborais prescriben. Indica cal é a resposta correcta:

- A) As leves ao ano, as graves aos 2 anos e as moi graves aos 3 anos, contados dende a data da infracción.
- B) As leves ao ano, as graves aos 2 anos e as moi graves aos 5 anos, contados dende a data da infracción.
- C) As leves ao ano, as graves aos 3 anos e as moi graves aos 5 anos, contados dende a data da infracción.
- D) As leves ao ano, as graves aos 3 anos e as moi graves aos 6 anos, contados dende a data da infracción.

1. Na Constitución española de 1978, no título I: dos dereitos e deberes fundamentais, no capítulo III establécense os principios reitores da política social e económica. Indica cal dos seguintes enunciados non é un principio reitor indicado neste capítulo.

- A) Dereito á protección da saúde.
- B) Dereito á propiedade privada e á herdanza.
- C) Dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo.
- D) Dereito de todos os españois a gozar dunha vivenda digna e adecuada.

2. Indica a resposta correcta. Na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, o artigo 16 establece que os Vicepresidentes e Conselleiros serán nomeados e cesados por:

- A) O Presidente da Xunta.
- B) O Parlamento.
- C) A Comisión Permanente do Parlamento.
- D) A Mesa Coordinadora da Xunta.